



Aproximación

Nieves Díaz Fernández naceu en Asturias. Licenciouse en Matemáticas no ano 1981 na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade dedícase á docencia na ensinanza pública en Galicia. Foi distinguida cunha mención especial pola súa imaxe «pedra nº 17» no portal de fotografía Deviant Art (September 2010 Resources).

UNHA MIRADA MATEMÁTICA. Casa do Escudo de Verín do 18 ao 30 de novembro. As 60 imaxes da exposición móstrannos as simetrías da natureza ao través do ollo fotográfico dunha mente matemática;

amósannos como a natureza, arquitectura e obxectos cotiáns, están impregnados de caprichosas formas xeométricas que lles confiren unha indiscutible e particular beleza. Unha mirada matemática formou parte da XVI Feira da Ciencia (Ribadeo). Exposición itinerante nos centros educativos da Xunta de Galicia (Cervo, A Coruña, Cangas, Lugo, Cambados, Vilalba, Malpica, Pontevedra, Pontenova, Viveiro, Ribadavia). «Unha mirada matemática» formou parte das exposicións temporais da Fundación Sotavento Galicia.